# Plan estratéxico GALICIA 2010-2014

2020

Resumo executivo. Abril 2010

# DIAGNOSE

I.
II. OBXECTIVOS E ESTRATEXIA
- POLÍTICAS SECTORIAIS
- POLÍTICAS TRANSVERSAIS
- COHERENCIA EXTERNA E INTERNA
III. SEGUEMENTO E CONTROL

A **Diagnose** é o resultado de confrontar:

→ A ***prospectiva*** **sobre os** ***grandes interrogantes e retos*** **que marcarán o futuro,**

→ **Coa** ***análise*** **da situación actual presentada ao diálogo social**

| DIAGNOSE | | |
|---|---|---|
| **Horizonte** | **Retos** | **Situación** |
| Longo Prazo<br>Galicia 2020 | Demografía<br>Sostibilidade Medioambiental e Eficiencia Enerxética<br>Globalización / Competitividade / Produtividade<br>Economía do Coñecemento, Innovación e Educación | Análise DAFO |
| Curto e Medio Prazo<br>Plan Estratéxico<br>2010-2014 | Creación de emprego estable<br>Crecemento económico mediante o apoio aos sectores estratéxicos<br>Converxencia con Europa<br>Sostibilidade financeira dos servizos públicos esenciais<br>Consolidación fiscal | Crise económica internacional<br>Baixa competitividade da nosa economía<br>Escenario financeiro adverso |

## D.1 Escaso dinamismo poboacional

- Elevado avellentamento da poboación, que xunto cunha taxa de natalidade das máis reducidas de Europa, poñen en dúbida o relevo xeracional
- Elevada porcentaxe de poboación dependente
- Forte demanda de infraestructuras sociais

## D.2 Distribución territorial da poboación

Polarización: Importantes áreas "desertas", fronte a outras suxeitas a unha elevada presión sobre o hábitat

## D.3 Desequilibrio territorial

Dualidade entre a Galicia da franxa costeira atlántica, dinámica, avanzada e urbana, e a Galicia rural, con forte predominio do sector primario, poboación avellentada e cunha dinámica poboacional negativa.

## D.4 Baixa taxa de actividade da poboación

Mercado de traballo caracterizado por unha taxa de actividade menor que a media nacional, sobre todo no tocante ao emprego feminino, característica que se agudiza coa situación económica negativa

## D.5 Sistema educativo

- Elevada taxa de fracaso escolar
- Falta de adecuación da formación ás demandas das empresas nunha economía globalizada que require unha población innovadora e creativa
- Débil capacidade de absorción polo mercado de traballo da man de obra cualificada

## D.6. Preocupante balance medioambiental

Retrasos considerables na implantación da Axenda 21, na sostibilidade dos recursos e no respecto mediambiental

## D.7 Nos sectores produtivos:

- Déficit industrial
- Baixa productividade e PIB per capita
- Pouco atractivo para o investimento do sector exterior, que se reflicte no saldo negativo da IED
- Base empresarial composta por PEMES, con base tecnolóxica madura, o que lle confire un escaso posicionamento estratéxico
- A atomización empresarial galega, ó igual que en outros eidos, dificulta a colaboración e a clusterización, especialmente en actividades cunha ampla experiencia no noso país.
- Infrautilización e falta de aposta pola sociedade da Información e as TICs.
- Escaso interese das empresas polo investimento en I+D+i
- A I+D+i que se xera en Galicia procede, practicamente no súa totalidade, de accións directas ou indirectas do sector público
- Déficit de solo industrial ben dotado e estratexicamente comunicado
- Falta de colaboración e de aproveitamento das externalidades positivas que xeran as universidades e as empresas de Galicia.

## D.8 Infraestruturas e transporte:

- Dispersión da poboación, que eleva os custos de infraestrutura, de prestación de servizos así como os custos loxísticos empresariais
- Galicia conta cunha orografía compricada que eleva de xeito considerable os custes das infraestruturas de transporte
- Dificultade de acceso ao transporte público nalgúns núcleos de poboación, xeralmente pouco poboados
- Falta de articulación dunha rede de transporte metropolitano, que teña en conta as necesidades reais da poboación, máis alá dos límites administrativos existentes
- Deficiencias da rede ferroviaria e retraso na construción do Tren de Alta Velocidade
- Tres aeroportos no territorio, sen unha complementariedade entre os mesmos

# ANALISE "DAFO" AMEAZAS

## A.1 Polarización territorial

- Profundización da polarización territorial descrita, cun aumento da presión na franxa atlántica
- Avellentamento da poboación, que presiona sobre o sistema de pensións, servizos sociais e sanitarios

## A.2 Escaso dinamismo da poboación activa

- Un horizonte con limitacións de converxencia derivada do escaso dinamismo da poboación activa
- Insuficiente aproveitamento das empresas galegas do potencial existente nas tres universidades galegas e nos centros tecnolóxicos
- Falta de espíritu emprendedor e importantes atrancos burocrático-administrativos para aqueles que o teñen

## A.3 Deslocalización por Globalización

A ampliación da UE e a globalización económica poden producir a deslocalización e o desvío de investimentos cara aos novos Estados membros, con persoal moi cualificado e máis reducidos custes laborais

## A.4 "Fenda dixital"

- En lugar de avanzar, profundízase na "fenda dixital" coas rexións máis avanzadas de Europa.
- Dificultade para acadar competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso esforzo inversor en I+D+i, especialmente no sector privado da economía
- Irrupción no mercado mundial de países emerxentes, con gran asimilación das novas tecnoloxías do coñecemento

## A.5 Contexto económico de crise

- Contexto económico de crise xeralizada, cunha expectativa de recuperación a longo prazo
- Debilitamento da estabilidade macroeconómica: aumento do déficit e débeda pública
- Falta de liquidez nos mercados financeiros
- Horizonte post-2013, de posible redución das axudas estruturais para a converxencia europea

## A.6 Balance medioambiental adverso

## A.7 Sistema de transporte

Acumula retrasos importantes na súa execución, como a chegada do tren de alta velocidade e as mellora nas loxísticas terra-mar

## F.1 Estratexia transfronteiriza

Importancia estratéxica da rexión transfronteiriza Galicia- Norte de Portugal

## F.2 Infraestruturas e transporte

Localización marítima estratéxica en relación co tráfico marítimo e as autoestradas do mar
Sistemas portuario e aeroportuario accesibles para a poboación, que ben deseñado podería proporcionar unha oferta de comunicacións óptima

## F.3 Conciencia medioambiental

Presión sobre a costa relativamente contida, xunto cun incremento da conciencia medioambiental
Aposta futura por enerxías renovables, fundamentalmente hidráulica, biomasa e eólica

## F.4 Galicia, capacidade atractivo turístico

Galicia, input productivo básico para o sector turístico
Abundancia de espazos naturais, cunha ampla biodiversidade
Riqueza e diversidade paisaxística
Expansión de Galicia turística con marcas tales coma o Camiño de Santiago, as praias, as rías e o termalismo

## F.5 Melloras na formación capital humano

## F.6 No sector empresarial

Existencia de produtos diferenciados, cun alto potencial exportador
Sectores industriais ligados aos recursos endóxenos e cun alto potencial de desenvolvemento: téxtil, madeira, pedra, automóbil, pesca, construción naval, etc.
Presenza de empresas multinacionais importantes, líderes no seu sector, tecnoloxicamente evolucionadas, e cunha forte vocación exportadora

## F.7 Apoio institucional á clusterización

## ANALISE "DAFO" — OPORTUNIDADES

- O.1 Potencialidade das TIC
- O.2 Espazos naturais e servizos asociados
- O.3 Potencial das enerxías renovables
- O.4 Desenvolvemento turístico
- O.5 Produtos e servizos en crecemento
- O.6 Proxectos europeos de transporte
- O.7 Ubicación portuaria privilexiada
- O.8 Oportunidades de negocio e galegos emprendedores no exterior
- O.9 Redes de cooperación empresarial
- 0.10 Sectores relacionados co benestar
- O.11 Dinamismo da eurorrexión

# OBXECTIVOS E ESTRATEXIA

I. DIAGNOSE
II.
- POLÍTICAS SECTORIAIS
- POLÍTICAS TRANSVERSAIS
- COHERENCIA EXTERNA E INTERNA
III. SEGUEMENTO E CONTROL

**Trátase de definir un modelo de cohesión, e un modelo aberto, coa mirada posta na**

# GALICIA do 2020

**Que se vaia transmitindo ás estratexias e aos obxectivos e concretando nas decisions de gasto da Xunta:**

Plan estratéxico
GALICIA 2010-2014
2020

Definición dun

## NOVO MODELO SOCIOECONÓMICO PARA GALICIA

no horizonte da estratexia da Unión Europea para 2020…

| ESPAZO | FINALIDADE | HORIZONTE 2020 |
|---|---|---|
| Concepción unitaria do territorio: "**Galicia, cidade única**"<br><br>Potencialidades de Galicia en Europa, a partires dun equilibrio territorial interior, e integración no espazo nacional, transfronteirizo, atlántico e na economía globalizada mundial | Calidade de vida e benestar dos galegos: "**Galicia, para vivir, traballar e investir**"<br><br>Construción dun **novo modelo produtivo**, baseado na economía do coñecemento<br><br>Respecto mediombiental: "**Convertir o territorio nun factor de desenvolvemento**" | Enfoque da política de **cohesión** rexional e territorial na nova Unión Europea, Tratado de Lisboa, e "**Europa 2020**"<br><br>Novas fórmulas de **gobernanza**<br><br>Coincidindo co próximo período orzamentario da UE: marco 2013-2020 |

… con aplicación no **CURTO PRAZO**

→ **ORZAMENTOS ANUAIS**

… e no **MEDIO PRAZO**

Plan Estratéxico GALICIA 2010-2014 2020

| Horizonte ANUAL | Horizonte 2010-2014 |
|---|---|
| Fixación de Prioridades | Execución do programa de Goberno |
| Adaptación a un escenario financeiro adverso | Acordos no seo do Diálogo Social |
| Comprimento dos Pactos de Estabilidade | Programas Sectoriais |
| Austeridade presupostaria | Execución do Marco Comunitario 2007-2013 |
| Eficacia da Administración e establecemento de orzamentación por obxectivos | Lei Estatal de Economía Sostible |
| Medición dos resultados | Trasposición da Directiva de Servizos Comunitaria |
| | Establecendo un marco de prioridades financeiras e orzamentarias plurianuais |

# PRIORIDADES E OBXECTIVOS GALICIA

| | Actual | 2014 | 2020 |
|---|---|---|---|
| **CRECEMENTO** | | | |
| PIB per cápita Galicia Vs. da media UE-27 | **90%** | **95%** | **100%** |
| Poboación empregada entre 20 e 64 anos | **63%** | **>65%** | **>75%** |
| Grao de apertura da economía | **125%** | **135%** | **145%** |
| **COÑECEMENTO** | | | |
| Redución do fracaso escolar | **26%** | **<20%** | **<10%** |
| Porcentaxe da poboación entre 30 e 34 anos con titulación en ensino superior | **41%** | **>45%** | **50%** |
| Emprego TIC fogares e empresas | **42,3%** | **>55%** | **>75%** |
| Investimento público e privado en I+D+i | **1%** | **>1,5%** | **>3%** |
| Incremento patentes rexistradas | **176** | **200** | **280** |
| **SOSTIBILIDADE** | | | |
| Consumo de electricidade procedente de fontes renovables | **61,3%** | **95%** | **>100%** |
| Produción enerxías renovables s/consumo total en Galicia | **13,8%** | **20%** | **30%** |


Económica
Territorial
COHESIÓN
Social
Compartido
GOBERNANZA
NOVA XESTIÓN PÚBLICA
Corresponsable
Aberto

# Cohesión **Económica:** Un modelo de Crecemento Sostible



1. Un modelo baseado na potenciación dos feitos diferenciais con vantaxe comparativa..
2. Un modelo baseado na competitividade, na mellora da produtividade dos factores produtivos, con especial atención ao factor humano, á capacidade de aprendizaxe e innovación.
3. Promoción do desenvolvemento tecnolóxico e da creación de empresas baseadas no coñecemento e a tecnoloxía.
4. Fomento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
5. Fomento da calidade.
6. Defensa da competencia. Directiva de Servizos.
7. Financiamento das empresas. Fomento do capital risco.
8. Redefinición da política de clusters. Apoio financeiro mediante contratos programa.
9. O territorio e o contorno natural como un punto forte da economía galega
10. Sectores de enerxías renovables. Eficiencia enerxética

# Cohesión **Social:** Igualdade de oportunidades, aumento das capacidades ...

1. Apoio integral ás familias galegas
2. Políticas de acceso a educación, sanidade, vivenda, servizos.
3. Servizos públicos próximos e de calidade
4. Educación e Formación. Calidade. Política de Formación continuada da poboación.
5. Sanidade: garantías de prestación, educación e sanidade preventiva, profesionais e investigación.
6. Protección dos consumidores.
7. Políticas activas de emprego.
8. Integración social.
9. Igualdade e conciliación.

# Cohesión **territorial:** Ordenación do territorio

1. O desenvolvemento territorial debe levarse a cabo en termos de sostibilidade e ordenación equilibrada do territorio.
2. A cohesión territorial contribúe á cohesión social reducindo ou superando a discriminación por localización xeográfica. Facilita o desenvolvemento de relacións estables e positivas nos diferentes ámbitos da vida cotiá.
3. Galicia cidade única e policéntrica: a ordenación do territorio, a mobilidade doada e sostible e a xeración de espazos públicos simbólicos articuladores da vida cidadá, permiten o encontro na diversidade; facilitan que os distintos sectores da poboación nun ámbito territorial determinado se sintan pertencentes e arraigados ao lugar e sexan capaces de exercer unha cidadanía activa.
4. Establecemento de mecanismos de solidariedade entre territorios, incidindo positivamente na igualdade de oportunidades da poboación do territorio (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
5. Creación de áreas metropolitanas e estratexia de integración das cidades co seu entorno.
6. Reformas lexislativas nos campos administrativo e de uso e ocupación do solo.

# Gobernanza: Liderazgo corresponsable

**NOVA XESTIÓN PÚBLICA**

| Que aporta a Xunta | En participación con | Principais retos | Obxectivos |
|---|---|---|---|
| Conectividade | Administracións | Avellentamento<br>Despoboamento | Mellorar a empregabilidade |
| Accesibilidade | Empresas e Clústers | Cambio Climático<br>Reto Enerxético | Gañar en competitividade |
| Servizos Públicos eficientes e cercanos | Centros tecnolóxicos | Globalización<br>Competitividade | Afrontar o reto da sostibilidade ambiental |
| Estratexia territorial | Universidades | Periferia | Estabilidade fiscal |
| Apoio financeiro | Axentes sociais | Entorno financeiro adverso | Mellorar á calidade de vida |
| | | | Crecemento sostible |
| | | | Atracción de capital |

… con aplicación no **CURTO PRAZO**

→ **ORZAMENTOS ANUAIS**

… e no **MEDIO PRAZO**

Plan estratéxico GALICIA 2010-2014 2020

## Políticas SECTORIAIS

- Actuacións en reforzo dos sectores produtivos
- Coa finalidade de avanzar na creación de valor engadido no sector ou cluster
- Nos que o protagonista é a iniciativa privada
- A actuación da administración é de apoio en cuestións como internacionalización, I+D, formación, establecemento de contratos –programa

## Políticas TRANSVERSAIS

- Actuacións de carácter horizontal
- Con liderazgo da Administración.
- Por ser de competencia da Administración.
- Por a importancia que representa no sector.
- Que se identifican en grande medida cos eixes e obxectivos estratéxicos

# Factores de desenvolvemento do novo modelo





# Sectores estratéxicos de futuro






Estes sectores teñen grandes posibilidades de crecemento e de aportar rendabilidade, factores que deben contribuír a atraer capital estranxeiro.
Novos proxectos de investimento en sectores de alto aporte tecnolóxico e valor engadido deben constituír a nosa palanca de crecemento.

A Gobernanza

# POLÍTICAS TRANSVERSAIS

I. DIAGNOSE

II. OBXECTIVOS E ESTRATEXIA

- POLÍTICAS SECTORIAIS

II.

- COHERENCIA EXTERNA E INTERNA

III. SEGUEMENTO E CONTROL

| Atendendo aos Factores Críticos | E sen esquecer |
| --- | --- |
| • Enerxía<br>• TIC e comunicación<br>• Transporte e loxística<br>• Infraestruturas viarias<br>• Infraestruturas TIC<br>• Formación e capacitación<br>• I+D+i<br>• Solo industrial | • Internacionalización e apertura ao exterior<br>• Reforma administración<br>• Espírito de emprendemento<br>• Equilibrio territorial<br>• Gobernanza<br>• Partenariado<br>• Colaboración público-privada. |

**Desenvolver o papel da administración**

- Como axente económico provedor de servizos e demandante de bens e servizos
- Como axente planificador indicativo, regulador de mercados, e orientador das actuacións económicas

# 105 medidas cara ó 2014

## Un proxecto para o 2020

Pasou o tempo de falar só dos recursos, chegou o momento de falar de resultados.

O deseño e difusión dos obxectivos e indicadores contribúe a que todos os que participan na xestión pública actúen para acadar os obxectivos de cada política pública.

# 1 Obxectivo Global

Lograr un crecemento económico sostible, creación de emprego aumentando a cohesión social e o equilibrio territorial.

**Galicia, un lugar para vivir, traballar e investir**

Plan estratéxico

**Galicia 2014, nunha estratexia de crecemento cara o 2020**

# 5 Eixos de actuación

Importes previstos 2011-2014

| | |
|---|---|
| 1. Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida. | 28.689 M€ |
| 2. Dinamización económica, Crecemento e Emprego. | 7.898 M€ |
| 3. Economía do Coñecemento. | 1.443 M€ |
| 4. Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial. | 6.611 M€ |
| 5. Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán. | 2.023 M€ |

**Total**

**46.664**

millóns en catro anos

# 16 Obxectivos Estratéxicos

**600 actuacións**

**600 indicadores**




Sen esquecer a importancia do resto dos eixes que contribúen a apoiar a implementación dun novo modelo produtivo, a estratexia para a súa consecución ten que por especial énfase en aqueles factores que permitan sentar as bases para un crecemento sustentable, tanto dende un punto de vista territorial como mediambiental.

Para isto temos que favorecer as condicións para a innovación e investigación no ámbito empresarial, co obxecto de mellorar a nosa competitividade nun contexto de globalización e o establecemento de políticas industriais cara á mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas mediante a constitución de Clusters.

# COHERENCIA EXTERNA

I. DIAGNOSE
II. OBXECTIVOS E ESTRATEXIA
- POLÍTICAS SECTORIAIS
- POLÍTICAS TRANSVERSAIS
II.
III. SEGUEMENTO E CONTROL

# **Coherencia externa**.Avaliación e seguemento do Plan Estratéxico 2010-2014



Plan estratéxico GALICIA 2010-2014

## O Plan Estratéxico **integra:**

- O Programa de Goberno explicitado para o periodo lexislativo
- Unha proposta aberta de estratexia de desenvolvemento para Galicia

## No Plan Estratéxico **inclúense:**

- Os acordos e compromisos formulados polo Parlamento de Galicia
- Os acordos no seo do Diálogo Social cos axentes socioeconómico
- Os Programas e Plans concertados con outras administracions ou forzas sociais
- Os compromisos de cofinanciamento de programas coa Unión Europea
- Os acordos para o Pacto de Estabilidade Económica e Financeira

# Os acordos polo Diálogo Social e o Plan Estratéxico





Os **Acordos** que se decidan no marco de negociación do **Diálogo Social** nas mesas constituídas por a **Consellería de Traballo** e coa participación dos axentes socioeconómicos, **Sindicatos** e **Organizacions Empresariais** quedarán INTEGRADOS dentro do Plan Estratéxico

Plan estratéxico GALICIA 2010-2014 2020

A inserción dentro do Plan Estratéxico, confírelle aos Acordos un elevado nivel de **CREDIBILIDADE** por parte da sociedade, e garante a súa **CONTINUIDADE** ao longo do período de vixencia do Plan, contribuíndo, á súa vez, a mantelo **ACTUALIZADO** en función das circunstancias e variacións conxunturais.

Para articular o **COMPROMISO da Xunta**, establecendo a **coherencia** entre os pactos coa axentes sociais e o Plan Estratéxico, e definir unha **"pista" orzamentaria**, existe unha correspondencia entre os **TEMAS** desenvolvidos nas Mesas de Diálogo e os **OBXECTIVOS** asumidos no Plan Estratéxico

# Proposta aberta ao consenso

XUNTA DE GALICIA

DIALOGO SOCIAL

PARLAMENTO DE GALICIA

## MODELO ABERTO AO CONSENSO NAS POLÍTICAS E AO SEGUIMENTO DA SÚA EFICACIA

Escenario financeiro

Integración Orzamentos

Seguimento e avaliación continuada

Diálogo cos axentes económicos e sociais

Diálogo cos sectores produtivos

Seguimento estratéxico

Horizonte

2010 - 2014

2020

# COHERENCIA INTERNA

I. DIAGNOSE
II. OBXECTIVOS E ESTRATEXIA
- POLÍTICAS SECTORIAIS
- POLÍTICAS TRANSVERSAIS
II. ←
III. SEGUEMENTO E CONTROL

# **Coherencia interna.** Avaliación e seguemento do Plan Estratéxico 2010-2014





Plan Estratéxico GALICIA 2010-2014

## O Plan Estratéxico **integra:**

- As prioridades que o Goberno asume no horizonte da Europa do 2020
- Os obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia para o periodo 2010-2014
- As actuacions a corto o medio plazos de política económica da Xunta

## No Plan Estratéxico **inclúense:**

- Os 123 Programas de Gasto dos Orzamentos da Xunta
- Os máis de 100 Programas e Plans Sectoriais levados a cabo polos distintos xestores e organismos da administración autonómica
- A totalidade das máis de 600 actuacions e actividades que os distintos organismos da Xunta realizan en todo momento
- Máis de 500 indicadores de realización, xestión, impacto ou estratéxicos que permiten avaliar a eficacia da xestión realizada

# SEGUEMENTO E CONTROL

I. DIAGNOSE
II. OBXECTIVOS E ESTRATEXIA
- POLÍTICAS SECTORIAIS
- POLÍTICAS TRANSVERSAIS
- COHERENCIA EXTERNA E INTERNA
III.

# Seguimento e avaliación Xunta de Galicia

***Grupo de expertos***

Constituirase un grupo de expertos de todas as Consellerías que coordinará as funcións de planificación

***Asignación de responsabilidades***

Establecese un sistema de distribución de responsabilidades e asignación de competencias

***D.X. de planificación***

A D.X. de Planificación realizará funcións de seguimento, coordinación e formación do persoal implicado no proceso

Empregaranse indicadores sintéticos mediante estatísticas oficiais que xestionará o **IGE**

**CADRO DE MANDO**

Seguimento e evolución dos obxectivos en termos de eficacia socio-económica, de cualidade dos servizos públicos ou de eficiencia da xestión

**INFORME CONSELLO**

**CONSELLO DE CONTAS**

**PUBLICACIÓN RESULTADOS**

**PARLAMENTO**

**2020**

**2010 - 2014**

# CONCLUSIÓNS

1. NOVO MODELO DE CRECEMENTO BASEADO NA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO, A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E A SOSTIBILIDADE.
2. XESTIÓN PÚBLICA ORIENTADA A RESULTADOS POR PRIMEIRA VEZ.
3. A XUNTA ADQUIRE UN NOVO PAPEL: LIDERAZGO CORRESPONSABLE.
4. ASPIRACIÓN: PARTINDO DA CONCEPCIÓN DE GALICIA, CIDADE ÚNICA, FACER DESTA COMUNIDADE UN LUGAR PARA VIVIR, PARA TRABALLAR E PARA INVESTIR.
5. RETO ECONÓMICO: MELLORA DA COMPETITIVIDADE COMO OPORTUNIDADE PARA SAIR DA CRISE.
6. RECURSOS: MÁIS DE 46.000 MILLÓNS DE EUROS E MÁIS DE 100 MEDIDAS.
7. ESTRATEXIA E OBXECTIVOS INCLUIRÁNSE NOS ORZAMENTOS.
8. DOCUMENTO ABERTO, TRANSPARENTE, ACTUALIZABLE E MEDIBLE: INCORPORARÁ ACORDOS MESAS DO DIÁLOGO SOCIAL E DO PARLAMENTO DE GALICIA.